Boletín Nº 195 - Xoves, 13 de outubro de 2011

Administración Local

Municipal

Teo

Aprobación definitiva de imposición e ordenación mediante ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de celebración de matrimonio civil

Aprobación definitiva de imposición e ordenación mediante ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de celebración de matrimonio civil

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación municipal en sesión celebrada en data 28 de xullo de 2011, polo que se aprobou inicialmente a imposición da taxa pola prestación do servizo de celebración de matrimonio civil e a ordenanza fiscal reguladora da mesma, por non se ter presentado reclamacións dentro do período de exposición pública, procédese á súa publicación de conformidade co establecido no artigo 17, apartados 3 e 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Contra este acordo cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción, de conformidade co artigo 19 do TRLRFL.

Teo, 30 de setembro de 2011

O alcalde

Martiño Noriega Sánchez

ORDENANZA FISCAL PARA A REGULACIÓN DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL

Artigo 1.- Fundamento e Natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, o Concello de Teo establece a Taxa pola celebración de Matrimonios Civís, que se rexerá pola presente Ordenanza, cuxas normas

atenden ao previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2.- Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da celebración de matrimonios civís diante da Alcaldía-Presidencia, ou autoridade en quen delegue, que sexan solicitadas de conformidade co previsto na lexislación vixente.

Artigo 3.- Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas que soliciten a prestación do servizo de celebración de matrimonio civil.

Artigo 4.- Beneficios Fiscais

Non serán de aplicación exencións na exacción da presente taxa.

Artigo 5.- Cotas Tributarias

As taxas que rexerán o gravame da celebración de matrimonios civís, son as que de seguido se sinalan:

· Por cada matrimonio no que alomenos un dos contraíntes figure inscrito no padrón municipal de Teo, a taxa será de 60 euros.

· Por cada matrimonio no que ningún dos contraíntes figure inscrito no padrón municipal de Teo, a taxa será de 120 euros.

Artigo 6.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento no que se presente diante da Administración Municipal a solicitude de celebración de matrimonio civil.

Artigo 7.- Declaración e Ingreso

A taxa exixirase en réxime de autoliquidación, facultándose á Alcaldía para a aprobación do modelo de ingreso correspondente, se se estimase oportuno.

A tal efecto, xunto coa presentación da solicitude para a determinación da data, hora e lugar de celebración do matrimonio civil, deberase adxuntar copia da autoliquidación coa que acreditarán o ingreso previo do importe correspondente, que será abonado nas contas bancarias do concello previamente á celebración do matrimonio civil e non se accederá á realización do mesmo sen que se acredite o pago da Taxa e se dispoña da autorización do uso das dependencias municipais por parte do órgano competente, que, a estes efectos será a alcaldía.

Artigo 8.- Devolucións

1. Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución da taxa cando o matrimonio non poidera celebrarse por causa imputable ao Concello, sempre que se teña acreditado o pago previo da mesma. A estes efectos entenderase causa imputable ao Concello a orixinada exclusivamente por vontade municipal que non veña motivada, promovida, ocasionada ou provocada por actuacións, feitos, obras, conductas ou comportamentos dos interesados.

2. Igualmente, os suxeitos pasivos terán dereito á devolución do 50 por cento do importe da taxa cando a cerimonia do matrimonio civil non se poidera celebrar por causa imputable aos mesmos, sempre que esta circunstancia sexa previamente comunicada ao Concello con unha anticipación mínima de 48 horas do día fixado para a celebración do matrimonio, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción no concello.

Disposición Transitoria

A presente Ordenanza non será de aplicación na celebración de matrimonios civís naqueles casos nos que a solicitude do mesmo teña data anterior á de entrada en vigor da presente ordenanza.

Disposición Final Única

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 28 de xullo de 2011, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Teo, 30 de setembro de 2011

O alcalde

Martiño Noriega Sánchez

2011/12973